

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 1 DE DECEMBRO DE 2021.

Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Dolores Vilavedra Fernández, Carolina López Gómez, Ana María Porto Castro, José Manuel Cifuentes Martínez, Isabel Fraga Carou, Valentín Estévez Souto, Beatriz Álvarez Díaz, Rosa María Crujeiras Casais,

Desculpan asistencia: Margarita Estévez-Saá, J. Miguel Túñez López, Juan Monterroso, José Angel Fernández Escribano, Ángel García Alonso, Marco Eugenio Vázquez Sentís.

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en
 - Láser, Fotónica e Visión
 - Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
 - Física Nuclear e de Partículas
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Aprobase o Acta da Comisión do día 18/11/2021.

2. Informe do presidente da EDIUS

- Estamos pendentes da posta en funcionamento dos novos módulos da páxina da secretaría virtual do alumnado, o do compromiso documental de supervisión e o do depósito da tese, esperando que estea operativos nas vindeiras semanas.
- Estase a rematar co informe para presentar o recurso o ministerio do PD en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica. Para tratar este tema, tivo lugar unha xuntanza coa ACSUG que vai preparar un informe para a solicitar a revogación desta avaliación desfavorable do PD.
- Dende a EDIUS uns textos xenéricos para que os programas de doutoramento podan enviar como resposta nos informes de alegacións da memoria de acreditación a ACSUG e enviáronse para a súa revisión a área de Calidade da USC. Nestes momentos estamos a espera de resposta da área de calidade.

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en

- **Láser, Fotónica e Visión**

A comisión de calidade acordou emitir un informe favorablemente as alegacións a o informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Láser, Fotónica e Visión indicando que nos aspectos de obrigado cumprimento sería recomendable a presentación de accións de mellora.

- **Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética**

A comisión de calidade acordou emitir un informe favorablemente as alegacións a o informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Innovación en Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética indicando que nos aspectos de obrigado cumprimento sería recomendable a presentación de accións de mellora.

- **Física Nuclear e de Partículas**

A comisión de calidade acordou emitir un informe favorable condicionado á presentación do Plan de melloras reclamado pola ACSUG pola súa ausencia no autoinforme do programa. Así mesmo, indicar que a EDIUS realizará un informe sobre algunhas contestacións do programa ás recomendacións da ACSUG, por entender que son reclamacións de melloras na xestión dos programas para ter en conta pola USC. Neste senso, recoméndase modificar as alegacións axustándoas ao requirido pola ACSUG, tendo en conta que que van dirixidas a avaliación conxunta do programa e da USC.

5. Asuntos de trámite

Non hai

6. Rogos e Preguntas

A Profesora IF indicou que sería vo unha actuación en canto a organización das actividades formativas para vindeiros cursos. Sería bó facer unha análise da demanda da formación transversal dos PD para unha mellora organización. O director da EDIUS considera que pode ser un punto na orden do día dunha vindeira xuntanza da comisión de Calidade.

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 10:15 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/02/2022 09:51:51.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 02/02/2022 09:43:55.

CSV: 61EA-3FCB-4D34-A120